

XXXVI CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO MASCULINO e FEMININO DE SQUASH 2021 A.D Squash Pontevedra

BASES:

1. O Campionato realizarase nas instalacións do Squash Pontevedra en Pontemuiño (Pontevedra); Os días: **19 e 20 de novembro de 2021.**
2. Seguiranse tódolos protocolos estrictos de prevención da Covid 19, así como a realización de tests a tódolos xogadores menores de 12 anos e aqueles que non presentasen o Certificado de Vacunación a Federación, 25 minutos antes do primeiro partido. Envíarase tódala información por email ós clubs para que sexa enviada ós xogadores/as inscritos/as.
3. Para inscribirse no torneo é obrigatorio estar en posesión da licenza da F.G.S. para o ano 2021.
4. O Campionato desenvolverase conforme a Normativa da F.G.S e será de Categoría "A" Autonómica.
5. As inscricións faranse a través da APP **RANKEDIN**, no seguinte enlace:

<https://rankedin.com/es/tournament/6742/>
6. O peche das inscricións será o **luns día 15 de novembro ás 20 horas. O precio da inscrición será de: 15,00€.**, o pago realizarase antes de disputar o primeiro partido. Fácese entrega dun obsequio conmemorativo do torneo.
7. O mércores 17 de novembro ás 12h. sortearanse os cadros. O Cadro principal do Campionato comenza o sábado.
8. A bola oficial do campionato será a Dunlop Revelation Pro XX (dobre punto amarelo).
9. O Xuíz-árbitro do torneo será **D. MIGUEL MERCÉ CASTRO** e as súas decisións serán inapelables.
10. Os deportistas deberán estar dispostos a arbitrar cando o Xuíz- Arbitro, así o considere oportuno, tendo por obriga que arbitrar os que perdan os partidos anteriores.
11. Os partidos disputaranse ó millor de cinco xogos de 11 puntos (punto directo, empate a 10 puntos a dous de diferenza). Xogárase unha fase de consolación, para os xogadores que perdan na primeira ronda.
12. Será obrigatorio coñecer o horario dos partidos, que a cada deportista corresponda, Aplicarase riguroso W.O., unha vez transcurridos 15 minutos da hora fixada para o comenzo do partido.
13. O uso das gafas protectoras homologadas de Squash será obrigatorio (para os xogadores sub).

14. Trofeos para o 1º, 2º e 3º clasificado masculino e feminino, 1ºª e 2ºª de consolación.

**** A inscrición ao **presente Campionato leva implícita a cesión dos dereitos de imaxe para todo o relacionado con este evento deportivo.**

Todos os eventos do Calendario da Federación Galega de Squash son considerados públicos e polo tanto os datos dos deportistas/ participantes son notorios, de proxección pública, moi especialmente cando se obteña podio ou recoñecemento deportivo e social, e polo tanto son datos onde predomina o interese histórico e deportivo da FGS, celebrado en lugares abertos ao público. Así será de aplicación o artigo da Ley Orgánica 1/1982, de 5 de maio, e o uso das imaxes queda públicamente aceptado e autorizado, reseitando o dereito fundamental ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

No caso de non desexar ou outorgar o seu consentimento para o tratamento dos datos anteriormente citados, o deportista non poderá participar no evento deportivo DE NINGÚN MODO mesmo aínda que teña realizada e formalizada a súa inscrición. Aínda así, no caso de que esté no lugar do evento aberto ao público, mesmo sen participar, e a súa imaxe fose captada de forma accidental, será de aplicación o **artigo 8-c** da Lei Orgánica 1/1982 como imaxe simplemente accesoria e poderá ser reproducida sen o seu consentimento, segundo o citado artigo legal.

